

<b>Provincia</b>	Lugo	<b>Actividad</b>
<b>Boletín</b>	BOP nº 44	Industria de ebanistería e afíns (Revisión salarial 2007)
<b>FecHa</b>	2008-02-22	
<b>Observación</b>	Código convenio: 2700245	

## CONVENIO COLECTIVO

### Industria de ebanistería e afíns. (Revisión salarial 2007)

Visto o acordo de aprobación da táboa salarial para o ano 2007 do convenio colectivo para o sector "INDUSTRIA DE EBANISTERÍA E AFÍNS", da provincia de Lugo, asinado o día 16 de xaneiro de 2008, pola representación da Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo, e das centrais sindicais UGT (46.2%), CC.OO. (26.9%), USO (11.5%), CIG (3.8%), e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

### ESTA DELEGACION PROVINCIAL, ACORDA:

**PRIMEIRO:** Ordena-la inscrición do acordo de aprobación da táboa salarial para o 2007 do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

**SEGUNDO:** Remiti-lo texto do acordo do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

**TERCEIRO:** Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Lugo, 7 de febreiro de 2008.- O Delegado Provincial, José Miguel Vázquez Calvo.

### ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo:

ANGEL HERMIDA SEIVANE  
ANGEL HERMIDA LAGE  
JULIO MOURE LÓPEZ  
ANTONI GORDÓ AUBARELL  
JUAN CARLOS CARBALLIDO ENGRABA  
GONZALO EXPÓSITO CHOREN  
JOSÉ MARCOS RESCO VALIÑA

Polas Centrais Sindicais

UGT [46,2%]

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ  
JOSE A. RODRÍGUEZ LORIGADOS  
MANUEL FRANCO OTERO  
FRANCISCO DOMENECH FANEGO  
JUAN JOSÉ CARREIRAS VIZOSO

CC.OO. [26,9%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ  
JOSÉ ANTONIO CABO MARTÍNEZ  
JUAN CARLOS DÍAZ CERVO  
JULIO BARRIO CARRAL

USO [11,5%]

JOSÉ VÁQUEZ PÉREZ  
MANUEL SILVARREY CABADO

CIG [3,8%]  
ANTONIO NIÑO SAAVEDRA  
ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (Asesor)  
XORXE CALDEIRO DÍAZ

## **ACTA**

En Lugo, sendo as 10:00 horas do día 16 de xaneiro do 2008, reúnense nos locais da CEL as persoas á marxe relacionadas co obxecto de constituí-la Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo.

A representación empresarial osténtaa a Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo.

A representación social osténtana as centrais sindicais UGT, CC.OO., USO e CIG, coas porcentaxes que figuran á marxe.

Adóptanse os seguintes

## **ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente representatividade dabondo para negociar un convenio colectivo de eficacia xeral para o sector de ebanistería da provincia de Lugo, e acordan dar por constituída a Comisión Negociadora coa participación dos membros á marxe reseñados.

**SEGUNDO.-** Fixar para o día 29 de xaneiro de 2008 a próxima reunión da Comisión Negociadora, ás 17:30 horas.

**TERCEIRO.-** Aprobar a táboa salarial de 2007 conforme o incremento e revisión salarial previsto no artigo 66 do III Convenio Colectivo Estatal da Madeira.

**CUARTO.-** Remitir esta acta, así como a táboa salarial aprobada, á autoridade laboral competente ós efectos oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e en proba de conformidade asinan os á marxe reseñados a presente acta, en lugar e data sinalados no encabezamento. Ángel Hermida Seivane, Ángel Hermida Lage, Julio Moure López, Antoni Gordó Aubarell, Juan C. Carballido Engraba, Gonzalo Expósito Choren, José Marcos Resco Valiña, Carlos García Vázquez, José A. Rodríguez Lorigados, Manuel Franco Otero, Francisco Domenech Fanego, Juan J. Carreiras Vizoso, José M. Brea Méndez José A. Cabo Martínez, Juan C. Díaz Cervo, Julio Barrio Carral, José Vázquez Pérez, Manuel Silvarrey Cabado, Antonio Niño Saavedra, Alfonso Losada Rodríguez, Xorxe Caldeiro Díaz.

**TÁBOA SALARIAL REVISADA 2007****CONVENIO COLECTIVO EBANISTERÍA DE LUGO**

Vixencia dende o 1/1/07 ó 31/12/07

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>SALARIO DÍA</b>	<b>QUINQUENIO CONSOLIDADO</b>	<b>SALARIO ANUAL</b>
Encargado e similares	37,52	470,08	15.946,00
Oficial 1ª conduc. e asimil.	37,43	468,71	15.907,75
Oficial 2ª conduc. e asimil.	36,21	453,81	15.389,25
Peón, axudante e asimil.	35,44	444,10	15.062,00
Aprendiz 17 anos	22,45	281,53	9.541,25
Aprendiz 16 anos	20,02	251,45	8.508,50

  

<b>CATEGORÍA PROFESIONAL</b>	<b>SALARIO DÍA</b>	<b>QUINQUENIO CONSOLIDADO</b>	<b>SALARIO ANUAL</b>
Xefe oficina e proxectista	1.131,66	467,23	15.843,24
Oficial 1ª Admin.e xefe taller	1.121,13	462,89	15.695,82
Oficial 2ª Admin. e xefe taller	1.089,82	449,95	15.257,48
Auxiliar administrativo	1.069,02	441,37	14.966,28
Aprendiz maior 18 anos	1.056,08	436,03	14.785,12

Nota.- La duración de la jornada anual de trabajo efectivo será, durante el año 2007, de 1.760 horas (Art. 46 III Convenio Estatal Indust. Madera).